

BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR DEZ POSTOS DE MONITORES FORMADORES PARA O CAMPUS DE VERAN DO CONCELLO DA ESTRADA.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a dez monitores formadores para o Campus de Verán do Concello da Estrada 2012.

CONDICIÓN DA CONTRATACIÓN E RETRIBUCIÓN:

O período de contratación é dende o 2 de xullo ata o 28 de xullo, prorrogable ata o 25 de agosto no caso de existir demanda suficiente e segundo a necesidade de persoal monitor-formador para a realización das actividades do campus durante o mes de agosto. No caso de non ser necesario a renovación da totalidade dos dez monitores-formadores, prorrogaranse os contratos estrictamente necesarios daqueles monitores que obtiveran maior puntuación no proceso de selección obxecto desta convocatoria.

A retribución total será segundo convenio.

FUNCIÓN:

A contratación ten por obxecto realizar as tarefas de monitor-formador para o Campus de Verán do Concello da Estrada 2012. (4 horas diarias).

SEGUNDA: CONDICIONS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes estarán en disposición de cumprir os seguintes requisitos antes do remate do prazo de presentación de instancias:

- Ser cidadán comunitario.
- Maior de 16 anos.
- Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: MONITOR DE TEMPO LIBRE, ANIMADOR SOCIO-CULTURAL, TITULACIÓN EN SOCORRISMO, DIPLOMADO EN MAXISTERIO(RAMA DE EDUCACIÓN FÍSICA) OU EQUIVALENTE.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impide o desempeño das funcións do posto de traballo.

TERCEIRA :SELECCION DE ASPIRANTES

Convocatoria publica mediante anuncio en prensa.



CUARTA: PROCESO DE SELECCIÓN

Os interesados/as presentarán solicitude no rexistro de entrada da Fundación Cultural da Estrada, sito na Avenida Benito Vigo 104, ata as 14 horas do día 25 de xuño do 2012. Coa mesma acompañarase a seguinte documentación:

Fotocopia DNI

Currículo actualizado acompañado dos xustificantes de méritos(diplomas, documentos acreditativos...).

Vida Laboral actualizada.

PROBAS A REALIZAR:

Caso práctico:

Data: 28 de xuño de 2012.

Lugar: Instalacións da Fundación Cultural da Estrada.

Hora: 10:00h. mañan.

Entrevista Persoal

Data: 28 de xuño de 2012.

Lugar: Instalacións da Fundación Cultural da Estrada.

Hora: 10:30h. mañan.

QUINTA: COMISION DE SELECCION.

A Comisión de Selección estará formada polos seguintes membros :

Presidente :

Titular:D. Carlos Andujar Mato ,Director-Xerente de Fundación Cultural.

Suplente:D. Diego Pernas Fernández,

O Secretario:

Titular D. Margarita Rodríguez Blanco, tesoureira da Fundación Cultural da Estrada.

Suplente D. Sara Neira Verde auxiliar administrativo da Fundación Cultural

Vogais:

Titular: D. David Carballo Calvelo, Técnico de deportes do Concello da Estrada

Suplente D. Jose Manuel Vigide Rivadulla, Técnico Fundación Cultural A Estrada

Titular D. Javier Ramos Calvelo, Técnico Fundación Cultural A Estrada

Suplente D. Alexander Torres Chao, Técnico Fundación Cultural A Estrada



Titular D. Henrique Vázquez Pernas, Xerente na Fundación Cultural A Estrada
Suplente D. Javier Gonzalez Puente, Tecnico na Fundación Cultural A estrada

As decisións da Comisión de Selección adoptaranse por maioría, xa sexan puntuación ou interpretacións. O Presidente terá voto de calidade en caso de empate.

Así mesmo, contra as resolucións e autos ditados pola Comisión de Selección e os seus autos de trámite que impidan continuar o procedemento ou produzan indefensión, poderá interpoñerse recurso ante o Presidente da Fundación Cultural A Estrada.

SEXTA : FASES DAS PROBAS PUNTUABLES.

O proceso de selección constará de dúas fases, a primeira consistente na superación dunha proba dun caso práctico, e a terceira delas consistente na realización dunha entrevista persoal e curricular.

A: Proba

A Comisión de selección convocará aos/as aspirantes a praza ofertada para a realización dunha proba escrita, directamente relacionada co traballo a desenvolver. Esta proba valorarase cun máximo de 4 puntos.

B: Entrevista Persoal

A fase de entrevista persoal poderá efectuarse mediante preguntas formuladas pola Comisión de Selección en relación co perfil do candidato e o posto de traballo a desempeñar, sendo a puntuación máxima a obter nesta fase a de 6 puntos.

A Entrevista persoal poderá incluír preguntas de carácter curricular.

SÉTIMA: NORMAS DE XESTIÓN DAS CUALIFICACIONES, PUBLICACION E CONTRATACIÓN

Se ó remate do proceso existira un empate entre dous ou mais aspirantes, a Comisión de Selección poderá efectuar, previo coñecemento dos aspirantes, cantas probas relacionadas co posto de traballo a desempeñar para poder establecer a puntuación final.

As cualificacións faranse públicas o mesmo día no que se acorden, expoñéndose no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural A Estrada e na dirección de Internet www.fundacioncultural.aestrada.com . A persoa que consiga a máxima cualificación, no posto de traballo a cubrir, no cómputo total dos diferentes apartados será proposta ó Presidente da Fundación Cultural da Estrada para que faga o nomeamento e se formalice o contrato, quedando seleccionado o seguinte, en cada posto a cubrir, en orde de puntuación a modo de reserva.

A Estrada 20 de xuño do 2012.



O Presidente da Fundación Cultural da Estrada
D. José Carlos Lopez Campos